

Nun planeta afectado traxicamente pola caótica xestión da súa propia biodiversidade, Europa e as súas políticas representan un referente de alto valor e peso específico na esfera da diversidade de linguas. Tanto é así, que ninguén pode xa prescindir do repertorio lingüístico e cultural do seu rico patrimonio. Vai quedar Galicia atrapada na batalla dun simple bilingüismo? Non, porque sabemos que a fronte de combate está agora no desenvolvemento de competencias plurilingües, en tres ou catro linguas, para que a nosa cidadanía non perda no xogo de oportunidades que oferta unha Europa multilingüe.

Cidadanía galega plurilingüe na Europa de 'dúas máis unha'

José Manuel Vez

Director do Observatorio Atrium Linguarum
ICE da Universidade de Santiago de
Compostela
josemanuelvez@usc.es

Palabras clave

Educación lingüística, competencias plurilingües, interculturalidade, uso social.

Como adepto ao pensamento complexo, coído que a conxuntura actual no mundo das linguas e as súas culturas, vai esixir o abandono de todos os simplismos cos que nos movemos en décadas pasadas. O cesto das linguas e das culturas da Galicia do século XXI non pode trezarse cos vimes do século XX. Vivimos tempos que demandan unha complexidade intelectual capaz de dar conta da diversidade real que leva de seu a dimensión do multilingüismo e a interculturalidade. Pero non abonda con axitar a palabra complexidade. Como moi ben reflectiu Morin (2001, 64) “la gran dificultad reside en considerar la unidad de muchos y la multiplicidad de la unidad. Aquellos que reparan en la diversidad de

culturas tienden a olvidar la unidad de la humanidad; aquellos que se fijan en la unidad de la humanidad acostumbran a infravalorar la diversidad de culturas”. Cuestión que podemos estender case mimeticamente ao caso das linguas (Vez, 2006).

A miña opinión aquí non trata sobre o desenvolvemento de competencias plurilingües nestas ou naquelas linguas. Iso xa se fixo dabondo, sobre todo seguindo a senda das ‘linguas-materia’, e pouco avanzamos; o que nos leva a sospeitar que non é o camiño que se debe percorrer. Referireime ás linguas sen facer distinción á hora de opinar sobre competencias idiomáticas e os seus problemas asociados,



Para que as linguas se convertan en competencias de cidadanía hai que ter en conta máis cuestións que a simple protección legal

entre as nosas linguas ambientais -o galego e o castelán- e as linguas non ambientais do currículo: o inglés e francés nas ensinanzas do réxime xeral e moitas outras nas do réxime especial. Tamén estarán incluídas nas miñas reflexións as de ámbito extra

curricular: linguas africanas, centroeuropeas, asiáticas, etc. que hoxe teñen algún grao de presenza en Galicia. É, creo, o xeito de falar hoxe de competencias plurilingües e da súa atención educativa.

En que situación estamos?

Poderíase dicir que nos atopamos nunha situación de tránsito inter paradigmático. Saímos dunha cultura de Estado pechada en si mesma -incluso contraria á súa propia diversidade- e queremos entrar a formar parte do experimento lingüístico e cultural europeo. Isto non pode facerse sen consecuencias e require, antes de nada, actualizar os nosos esquemas intelectuais. Estamos vivindo, como cidadáns e como

xestores sociais de moi diversos ámbitos, un dos procesos máis interesantes do deseño cultural do contexto ao que pertencemos. E a ecuación cultura=varias linguas parece ser a clave do invento. Aínda así, a fortaleza do soporte educativo en Galicia ante o desafío do plurilingüismo e a interculturalidade é menor do que se pensa a miúdo, aínda que nos últimos tempos se evidencia unha maior sensibilidade, capacidade e acerto na toma de decisións da Administración educativa da Xunta de Galicia. Decisións que teñen que ver, por un lado, cunha aposta clara en favor dun uso efectivo das nosas dúas linguas cooficiais, en todos os niveis e etapas educativas; e, por outro, cun apoio institucional ás linguas non ambientais do

currículo. Son destacables tamén as fortes axudas ao profesorado e ao alumnado, de acordo coas recomendacións máis consensuadas na dimensión europea sobre competencias idiomáticas. Estas decisións refírense á introdución xeneralizada dun idioma en educación infantil, dous idiomas obrigatorios en ESO, seccións bilingües en primaria e secundaria, o Plan Linguas, etc., e tamén no tocante á atención lingüística e cultural do alumnado inmigrante e das súas familias. Un conxunto de medidas que, en escasamente catro anos, colocaron a Galicia na liña de vangarda das políticas lingüísticas.

Claro que estas políticas non avanzan porque exista un forte proteccionismo institucional. Non abonda con isto. O galego, por exemplo, está máis protexido que nunca e o seu uso social non progresa na medida en que cabía esperar. Aínda que amola dicilo e custa recoñecelo, ten maior prestixio o inglés e de aí o seu avance imparable. Para que as linguas se convertan en competencias da cidadanía, hai que ter en conta máis cuestións que a simple protección legal e o seu prestixio. Cuestións que pasan porque algúns cidadáns críspen menos o tema lingüístico, con opinións mal fundamentadas ou de interese partidista, e confíen máis nos educadores. Cómpre tamén que o profesorado se profesionalice, aprendendo a desaprender, para actuar no territorio das linguas e as súas culturas dende outra perspectiva educativa. Cal?

En marzo do 2002, os xefes de goberno da Unión Europea reuníanse en Barcelona para pedir o ensino de, polo menos, dúas linguas diferentes á propia, ou propias, dende unha idade moi temperá. Neste sentido, observamos un poderoso avance en sensibilización cara á dimensión multilingüe da nosa sociedade, que nos mostra unha Galicia moderna nunha Europa de 'dúas máis unha'. Pero unha boa parte do discurso social, político e profesional sobre

as linguas e as súas culturas, segue a centrarse no seu ensino, a súa aprendizaxe, a súa avaliación e a súa acreditación. Unha ruta que conduce dun modo bastante perigoso cara a un 'modelo institucional'. Dá a impresión de que o discurso profesional institucionalizado se proxecta, en exceso e acriticamente, en cuestións que teñen que ver máis cunha estrutura na que se

Para acadar competencias plurilingües é necesario que os alumnos aprendan nunha cultura de mestizaxe, de liberdade, de tolerancia, de paz e de imperfección

desenvolve un proceso, que utiliza un determinado contido, deseñado para alcanzar certos obxectivos. E deste xeito non se preocupa nada, ou moi pouco, das vinculacións existentes entre as diferentes linguas, compartindo o común e distinguindo o específico, e tampouco da articulación entre competencias lingüísticas e a acción do compromiso intercultural. E por que son necesarias estas vinculacións?

A dobre hélice

Porque son imprescindibles para mudar de discurso profesional e adaptalo á realidade galega de hoxe. O cambio do século XX ao

XXI áchase vinculado xa para sempre ao descifrado definitivo do mapa xenético humano. Primeiro, a estrutura en dobre hélice, coa que Watson e Crick describiron a forma da molécula de ADN, aclarou a correspondencia entre a sucesión de bases e o resultado da actividade dos xenes. Con estes achados revolucionouse o pensamento científico sobre os procesos vitais. Despois, só fixo falta tempo e tecnoloxía para desentrañar a secuencia dos 3.000 millóns de nucleótidos que constitúen o noso xenoma. É dicir, sen a visión de dobre hélice do século XX, o século actual non sería o do xenoma humano como patrimonio da humanidade.

Creo que, se no século XX non afondásemos nos mecanismos pragmáticos, na construción discursiva e no valor dos usos lingüísticos, o momento en que vivimos non sería, como é, o da celebración das linguas e as súas culturas (2008, Ano Europeo do Diálogo Intercultural –Comisión Europea; 2008 Ano Internacional das Linguas –ONU) e, ademais, dos que as empregamos e posuímos. A metáfora dunha dobre hélice vale moi ben para a descrición dos dous procesos vitais que caracterizaron o territorio da educación lingüística en calquera das linguas escolares á que queiramos facer referencia. Non son outros, na miña opinión, que o da lingua como coñecemento, isto é, saber 'obxectos' dunha lingua; e o da lingua como uso social, referido á competencia existencial no compromiso da 'acción intercultural'. Complementarios, sen dúbida, pero cun peso moi desigual na realidade educativa das pasadas décadas, en Galicia e en calquera outro lugar. Baixo a 'hélice' da lingua como coñecemento é dicir, saber ben unha lingua estudándoa moito, agóchase unha cultura da redución, ou o que é o mesmo, unha forma de circunscribir as linguas ao cálculo,... ao cálculo dos elementos constitutivos do seu sistema



interno, da súa orde profunda, da súa estrutura simple; en definitiva, limitalas á súa gramática.

Este reduccionismo levou ao tratamento desintegrado das linguas, metidas en compartimentos estancos e baixo un modelo estático que aviva o concepto de lingua equivalente a materia. Un concepto que, formando parte do estatuto do castelán e os idiomas, serviu tamén de ancoraxe para a primeira potenciación escolar da lingua galega: 'Galego na Escola', con chapas do 'Lelo' incluídas. Pero, como se debe analizar a relación entre linguas e sociedade, se coa forma reducionista de análise lingüística detemos toda opción de movemento?, como se pode poñer en relación o mundo das linguas e as culturas nun único territorio, integrado e complexo?, como hai que incorporar todo isto no desenvolvemento curricular dos sistemas educativos, se non somos quen de ver, nin as linguas nin a sociedade, como un proceso, como un fluído dinámico? Coido que por estas razóns, o individualismo metodolóxico que caracterizou a cultura reducionista das estruturas de pensamento sobre as linguas, non é, en si mesmo, capaz de comprender o fenómeno social da linguaxe e as linguas na súa propia dinámica.

Baixo a 'hélice' das linguas como uso social e compromiso na acción intercultural proxéctase outra cultura diferente: a do espazo antropológico e antropolítico. Trátase dunha cultura dinámica que favorece todas as opcións para un tratamento integrado das linguas. O proceso de vivir os usos lingüísticos, non só demandado dende a propia subsistencia das linguas minorizadas, senón tamén como compoñente básico no desenvolvemento social da comunicación transnacional depende, en boa medida, de que a lingua en cuestión exprese unha cultura viva e compartida. Creo que un perfil de cidadáns con competencias plurilingües

pide tamén unha educación en competencias interculturais que aspire a definir obxectivos relacionados con aprender a ser cidadán nunha cultura de mestizaxe, de liberdade, de tolerancia, de paz, de imperfección... Daquela, a educación lingüística non é unha actividade neutral e require un ingrediente político: unha política do home que resulte radicalmente antropolóxica. Temos exemplos diso na política das civilizacións e en pensadores, como Morin na teoría social; Octavio Paz, J. Goytisoló ou A. Maalouf na literatura; Prigogine ou Stengers na ciencia; Le Moigne na economía; Bouchet na antropoloxía intercultural... mais, que temos á nosa disposición no campo da educación lingüística?

Oportunidades

O que si temos é oportunidades: as que oferta unha Europa multilingüe na súa aposta por unha cidadanía culta e con alta capacidade competitiva. "As linguas melloran as oportunidades de emprego e os negocios", insiste o comisario Orban. Unha Europa con tolerancia á aceptación da diferenza, con capacidade para o diálogo intercultural, e cun modelo de identidade baseado na diversidade e no desenvolvemento dunha educación lingüística avanzada. Pero, que debemos entender por educación lingüística avanzada? Expresareino sinteticamente:

1. Europa naceu das súas linguas vernáculas, en confusio linguarum, e o feito de adoptar unha moeda única non debe interpretarse como anoxia para abazar tamén unha única lingua franca. A proposta do Grupo de Intelectuais da Comisión Europea (2008) dunha 'lingua persoal adoptiva' (unha segunda lingua materna, libremente elixida, diferente á vez da lingua identitaria e dunha lingua franca internacional como o 'Globish') é

unha solución sostible en favor dunha cidadanía galega plurilingüe na Europa de 'dúas máis unha'.

2. Hai quen segue pensando que un cidadán plurilingüe é aquel que ten a habilidade de interaccionar comunicativamente en máis de dúas linguas. Unha educación lingüística avanzada debe ir máis alá. É necesario promover o concepto de plurilingüe como a persoa que é plenamente consciente dos contextos socioculturais, políticos e ideolóxicos, nos que máis de dúas linguas, e os seus usuarios, toman posicións e exercen os seus roles; así como dos diversos significados que se derivan dos seus respectivos posicionamentos e roles.
3. Os que promoveron a inmersión crían que o coñecemento da lingua dende a escola favorecería un cambio de lingua, unha mudanza nos usos lingüísticos extraescolares. A verdade, isto non aconteceu. Non funciona así. A realidade que esconde o coñecemento é moi académica; a que hai no uso é máis sociocultural. A relación entre ambas as dúas precisa unha maior investigación. En todo caso, xa sabemos que nunca é

A realidade que esconde o coñecemento dunha lingua é moi académica; a que hai no seu uso é máis cultural

simétrica: un pode coñecer ben moitas linguas, pero non utilizar ben 'moitas' linguas. A iso referíase Comenio, no 1631, ao afirmar que non se poden aprender moitas linguas á perfección, senón dentro do límite do necesario. É normal que os cidadáns con competencias plurilingües sexamos locutores imperfectos. Unha educación multilingüe debe afrontalo e admitilo (Vez, 2008).

4. Unha lingua é vehículo de comunicación e de cohesión entre os que a falan pero, ao par, marca o límite cos que non a falan. Quen fala unha lingua que non entendemos é, por principio, o outro, e como non sabemos o que pensa ou pretende, ese 'outro' vese como unha ameaza potencial. Por iso a pluralidade de linguas nun mesmo espazo social resulta un factor de diferenciación, de falta de estabilidade e percíbese como fonte de conflitos, mentres que o monolingüismo semella garante de estabilidade. Unha educación lingüística avanzada precisa crear un ambiente intelectual e social, onde plurilingüismo e interculturalidade non se vivan como factores de complexidade ou de sobrecarga orzamentaria, senón como estímulos de enriquecemento social e desenvolvemento. A diferenza doutros escenarios multilingües, dise que en Galicia hai 'coexistencia pacífica' das súas linguas e culturas, pero un pode cohabitar na tolerancia cara ao outro dándolle as costas e ignorándoo. O obxectivo é ir máis alá desa coexistencia, ata situarse no diálogo interlingüístico e intercultural, na interacción e o empréstito recíproco, na creación dunha cultura máis enriquecida, mestiza e plenamente integrada. E a integración empeza no interior de cada cidadán: primeiro é individual e só despois o é social.

5. As linguas escolares e as linguas do alumnado non son o mesmo e xa representan en Galicia unha realidade diferente á de hai anos. Pero linguas dunha mesma familia lingüística seguen traballando en compartimentos estancos, sen ter en conta o común e marcando máis ben as diferenzas. Nunha sociedade do coñecemento que aspira a desenvolver como competencia básica a capacidade de 'transferir', deberíamos educar o alumnado no recurso á súa autonomía e potencial semiótico innato, para traspasar saberes e usos dunhas linguas a outras. O tratamento integrado das linguas é vital na educación para unha cidadanía plurilingüe, e evita que un feito como aumentar as linguas escolares acabe converténdose tan só nun multiplicar os espazos curriculares monolingües, para facer que máis linguas signifiquen máis materias. Concordo aquí con B. Silva (2008, 59-69), na urxente necesidade de atender dúas fronteas de transformación: a formación do profesorado e a organización do currículo.
6. Nestas dúas mesmas fronteas habería que avanzar nun viero xa iniciado, como alternativa ás linguas-materia. Trátase de AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras), un deseño curricular estendido en toda Europa e do que precisamos datos empíricos sobre os seus resultados en Galicia. Por outro lado, cómpre explorar o tratamento intercomprensivo das competencias plurilingües, que permita un coñecemento e un uso asimétrico dalgunhas delas (comprender unha lingua, pero non a falar; comprender a linguaxe falada, pero non a escrita, ou viceversa; entender os informativos, pero non as conversas; saber falar, pero non escribir...) por vía dun plurilingüismo receptivo de 'falantes sesquilingües'

(Moreno Cabrera, 2006, 55-78).

7. Por último, pregúntome se podemos realmente falar de competencias plurilingües unicamente acreditando no curriculum vitae, certificados obtidos a partir de tests monolingües, en lingua a, b, c, etc. Unha educación avanzada, sobre todo nas escolas oficiais de idiomas, precisa desenvolver probas de competencia plurilingüe en escenarios específicos. É verdade que aínda non as hai, pero no Observatorio que dirixo (<http://atriumlinguarum.org>) xa estamos traballando niso.

Bibliografía

- COMISIÓN EUROPEA (2008) *Un reto provechoso. Cómo la multiplicidad de lenguas podría contribuir a la consolidación de Europa*. Bruxelas, Comisión Europea (en <http://europa.eu/languages/es/document/106/23>).
- MORENO CABRERA, J. C. (2006) *De Babel a Pentecostés. Manifiesto plurilingüista*. Barcelona, Horsori.
- MORIN, E. (2001) *La méthode: l'Identité humaine*. Paris, Éditions du Seuil.
- SILVA VALDIVIA, B. (2008) Gallego, castellano y lenguas extranjeras en el sistema escolar de Galicia. *Textos de Didáctica de la Lengua y de la Literatura* (47) 59-69.
- VEZ, J. M. (2006) Estructuras complejas en los usos lingüísticos. Una visión aplicada (227-257). En SANTOS REGO, M. A. e GUILLAUMÍN, A. (Eds.) *Avances en complejidad y educación: teoría y práctica*. Barcelona, Octaedro.
- VEZ, J. M. (2008) European policies in TEFL teacher education. *The Open Applied Linguistics Journal* (1) 1-8.